

O retorno ós orixes

Manoel Neira López

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

NEIRA LÓPEZ, MANOEL (2011 [1982]). “O retorno ós orixes”. *Nordés*. “Ollada na poesía”: 8 (II Data), 31. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1395>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

NEIRA LÓPEZ, MANOEL (1982). “O retorno ós orixes”. *Nordés*. “Ollada na poesía”: 8 (II Data), 31.

* Edición dispoñíbel desde o 8 de novembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

OLLADA NA POESÍA

Por MANOEL NEIRA LOPEZ

O RETORNO ÓS ORIXES

Ise manatío sen lindes de soidade, de misterio e de pureza que é a montaña, deixou cair sobor dos nosos vieiros da vida, e por medio dun poeta, unhas pingas de luz nun libro de versos: ~

«O libro dos mortos» (1).

Todo poema ven ser un pequeno escrarecemento dos grandes misterios escondidos, ben na terra mesma, ben na terra espiritoal que da feitío á cerna do ser.

Así pois, naquil enmarcamento, é onde Eduardo Moreiras realiza a parte máis esencial da súa obra. As alturas e mailo mar son, pois, os dous eixos fundamentais arredor dos caes xira o seu quefacer artístico e mesmo espiritoal. A súa obra —cecáis un fidel espello da vida— refrexa a propia orixe de onde ises borbollós de soidade e de belidez xurdiron; de onde todo xurde en ondas ciscadas e que logo ún ten —de/pra— captar, com- por e refrexar. O poeta do que falamos, soubo beber pingas de música da fontela azul, e dise xeito, as palabras saíron coma aguias, coma xoias aboiando polo reino divino e cantando suaves sons de vida.

Eduardo Moreiras, que chegara con outro libro: «Os nobres carreiros», a un atino lírico certo, vai con estoutro libro máis aló coa palabra; a palabra adquire caracteres de maior fondeza, de maior —si se quer— eficacia. Tenta calettrar coa palabra a ialma pra confortala ou ferila dereitamen- te.

Despoxado daquela belidez máxica de grande parte da anterior obra —que por banda outra iba estreitamente engarzada coa palabra ispida, ou cicáis producta desta mesma— tenta, e penso que acada, boa parte da súa maior arela: palabra ispida, dereita, xusta e colocada no seu xusto lugar.

Lugo, maio, 1982

(1) Edicións do Castro, 1979.